



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

NUEVOS ESTATUTOS

CAPITULO I

Artigo 1º.- Definición.

O Colexio Profesional de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Pontevedra, que se rexirá pola lexislación básica do Estado, polos preceptos da Lei 11/2001, de 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, e polos presentes Estatutos, é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e con capacidade plena para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 2º.- Domicilio e ámbito territorial.

O Colexio Profesional de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Pontevedra terá o seu domicilio en Vigo, calle Torrecedeira, 40, entresuelo, e o seu ámbito de actividade queda circunscrito á provincia de Pontevedra, podendo establecer Delegacións dentro deste ámbito provincial e de acordo cos presentes Estatutos.

Artigo 3º.- Fins.

O Colexio Oficial de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Pontevedra terá como fins esenciais:

- a) Velar, dentro do marco das Leis e Regulamentos, polo adecuado nivel de calidade nas prestacións profesionais dos Colexiados e asegurar que as súas actividades se axustan ás normas deontolóxicas da profesión e as requiridas pola sociedade á que sirven.
- b) Promover a formación e perfeccionamento dos Colexiados.
- c) Defender os intereses profesionais dos Colexiados e representar os intereses xerais da profesión, especialmente nas súas relacións coa Administración, Institucións, Tribunais, Entidades e particulares, para ser parte en cantos litixios lles afecten, podendo exercer o dereito de petición.
- d) Colaborar coas Administracións Públicas de Galicia no exercicio das súas competencias nos términos previstos na Lei.
- e) Corresponde, así mesmo, ó Colexio informar de tódalas normas que prepare o Goberno Autonómico sobre as condicións xerais do exercicio profesional e sobre as funcións, os ámbitos e o réxime de incompatibilidades da profesión.



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

Artigo 4º.- Funcións.

O Colexio Profesional de Delineantes de Pontevedra, ademais das competencias establecidas pola lexislación estatal e polo artigo 9 da Lei 11/2001, exercerá no seu ámbito territorial as funcións que seguen:

- a) Tódalas que lle sexan encomendadas pola Administración e colaborar con ésta mediante a realización de estudos, elaboración de estatísticas, emisión de informes e outras actividades relacionadas cos seus fins, que lle poidan ser solicitadas ou que o Colexio acorde formular por propia iniciativa.
- b) Asesorar ós particulares e entidades de calquera clase, en materia de competencias, emitindo os informes que lle sexan solicitados.
- c) Velar polos dereitos, deberes e prestixio dos profesionais, e especialmente, sobre aquelas cuestións que correspondan ó campo das competencias e facultades dos delineantes.
- d) Impedir e no seu caso perseguir, incluso ante os Tribunais de Xustiza, tódolos casos de intrusión profesional que afecten ós Delineantes e ó exercicio da súa profesión, no suposto de que ésta se exerza ou se pretenda exercer, se obstaculice ou se pretenda obstaculizar por persoa na que non concorran os requisitos legais establecidos para a práctica da profesión ou por calquera clase de Organo ou Entidade.
- e) Organizar e efectuar misións de carácter cultural, científico, técnico ou práctico relacionadas coa profesión, así como cursos para a formación, actualización e mellora posgrao dos colexiados.
- f) Recoller e encarrear as aspiracións da profesión, enviando ós centro oficiais aquelas suxerencias que garden relación co perfeccionamento e coas normas que rixan os servizos que presten ou poidan prestar os delineantes, tanto nas corporacións oficiais como nas entidades particulares, de acordo coas esixencias, necesidades e potencialidade da sociedade en cada momento.
- g) Realizar o recoñecemento da asinatura e visado de planos, informes, dictames, medicións, valoracións, peritacións e demais traballos que leven a cabo os delineantes no exercicio da súa profesión, en concreto sobre as funcións e competencias que lles estean atribuídas polo currículo dos Reales Decretos 135/94, 136/94 e 2427/94.
- h) Manter un activo servizo de información sobre prazas e postos de traballo a desenvolver polos Delineantes co fin de posibilitar a súa ocupación. Para poder darlle maior eficacia, terá coñecemento da especialidade profesional de cada colexiado, así como o seu grao de actualización e perfeccionamento técnico.
- i) Fomentar e organizar entre os colexiados os beneficios da previsión, creando e



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

desenvolvendo a mutualidade colexial.

- j) Interesarse polo axeitado nivel da ensinanza da profesión nos centros que impartan estes estudos.
- k) Mediar para a adecuada ordenación e retribución dos Delineantes que exerzan a súa profesión por conta allea, mantendo a relación cos órganos laborais e sindicais.
- l) Informar ós Organismos da Administración en materias de competencia da profesión.
- m) Participar na elaboración dos plans de estudio da Administración e dar a información necesaria para poder acceder á vida profesional.
- n) Representar e defender a profesión ante a Administración, institucións, tribunais, entidades e particulares, con lexitimación para ser parte nos litixios que afecten ós intereses profesionais, e usar o dereito de petición de acordo coa Lei.
- o) Facilitar os Tribunais a relación de colexiados que pudieran ser requeridos para intervir como peritos en asuntos xudiciais.
- p) Intervir como mediador e con procedementos de arbitraje nos conflitos que por motivos profesionais se susciten entre os colexiados.
- q) Resolver por laudo, solicitado polas partes interesadas, as discrepancias que poidan surxir sobre o cumprimento das obrigas orixinadas polos traballos profesionais realizados polos colexiados.
- r) Emitir dictames en procedementos administrativos ou xudiciais nos que se discutan cuestións relativas a honorarios profesionais.
- s) Dictar normas orientativas sobre honorarios profesionais para o exercicio da profesión.
- t) Encargarse do cobro de percepcións, remuneracións ou honorarios profesionais a petición dos interesados.
- u) Facilitar a solución de problemas de vivenda ós colexiados, participando nos Padroados Oficiais que para cada profesión creen os diferentes departamentos da Xunta de Galicia.
- v) Cumprir e facer cumprir ós colexiados as Leis xerais e especiais, os Estatutos profesionais e os Regulamentos de Réxime Interior, así como as normas e decisións adoptadas polos órganos colexiais, en materia da súa competencia.
- w) Ordenar no ámbito da súa competencia a actividade profesional dos colexiados,



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

velando pola ética e dignidade profesional e polo respecto debido ós dereitos dos particulares e exercer a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial.

x) Cantas outras funcións sexan beneficiosas para os intereses dos colexiados.

Artigo 5º.- Relacións coa Xunta de Galicia.

1. O Colexio Profesional de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Pontevedra, en todo o que se refira a cuestións institucionais e corporativas, relacionarase coa Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que no futuro reuslte competente en materia de Colexios Profesionais, da Xunta de Galicia.

2. No referente ós contidos da profesión relacionarase cos departamentos da Xunta de Galicia competentes na mesma.

CAPITULO II

Sección Primera

Artigo 6º.- Incorporación ó Colexio.

1.- Para poder exercer a profesión de Delineante na provincia de Pontevedra é necesaria a incorporación plena ó Colexio. Existindo unha organización por colexios territoriais, será suficiente a incorporación a un deles, que será o do domicilio profesional único ou principal, para exercer en todo o territorio estatal.

2.- Os profesionais que exerzan ocasionalmente nunha demarcación diferente á da colexiación deberán comunicar, a través do colexio ó que pertencen, ós colexios respectivos as actuacións que vaian a realizar nas súas demarcacións.

3.- Os profesionais titulados vinculados coa administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral non precisarán estar colexiados para o exercicio de funcións puramente administrativas nin para a realización de actividades propias da correspondente profesión por conta da administración a que pertenzan, cando o destinatario inmediato das mesmas sexa esa administración. Sí será obrigatoria, en consecuencia, a colexiación para o exercicio da actividade privada.

Artigo 7º.- Para poder ser admitido no Colexio será necesario posuir a titulación académica que esixen as leis para exercer a profesión, é dicir, estar en posición da categoría de delineante proxectista antes do 1 de xaneiro de 1982 ou en posesión do título de formación profesional de grao superior en edificación e obra civil ou en fabricación mecánica, supeditándose ás demais condicións que establecen estes Estatutos, se ben non será indispensable o exercicio da profesión, nin será esixible pertencer a unha determinada mutualidade.



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

Os estranxeiros poderán incorporarse ou habilitarse ó Colexio cando se cumpran os requisitos para poder exercer a profesión no Estado Español. Exceptuáanse as incorporacións a título honorífico.

Artigo 8º.- Membros do Colexio.

Serán membros do Colexio Profesional de Delineantes, os que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 7 e 9 dos presentes Estatutos e que o soliciten na forma regulamentaria.

As persoas que constitúan o Colexio Profesional de Delineantes, poden ser membros exercentes, membros non exercentes, membros de honor e habilitados.

1. Son membros exercentes as persoas naturais que reunindo as condicións esixidas, obtivesen a incorporación ó Colexio e exerzan a profesión de Delineante.
2. Son membros non exercentes as persoas físicas que obtivesen a incorporación ó Colexio e non exerzan actualmente a profesión.
3. Son membros de honor as persoas naturais ou xurídicas, colexios, institucións, organismos, etc. españois ou estranxeiros, sexan ou non Delineantes, que, a xuízo da Asamblea Xeral de Colexiados e a proposta da Xunta de Goberno, merezan tal designación.

Artigo 9º.- Requisitos para a incorporación ó Colexio, tramitación e causas de denegación.

a) Para solicitar a colexiación, o interesado dirixirá a correspondente solicitude por escrito, mediante impreso que facilitará o Colexio, ó Decano, acompañando título profesional, testemuño do mesmo ou resguardo de telo solicitado.

No caso dun traslado dun Colexio a outro, abondará cunha certificación do Colexio de procedencia acreditativa de atoparse en activo e sen nota desfavorable que o impida no seu expediente profesional.

A mesma certificación será válida para solicitar a incorporación a outro Colexio, sen deixar de pertencer ó de orixe, todo elo sen prexuízo do establecido no artigo 2.3 da Lei 11/2001.

Poderán incorporarse voluntariamente ó Colexio Profesional de Delineantes de Pontevedra as persoas que, reunido as condicións establecidas, non exerzan a profesión ou, ben que a exercesen e logo cesasen na mesma, cumprimentando a parte que lles corresponda desde apartado a).

b) A incorporación poderá ser denegada:



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

1. Cando os documentos presentados sexan insuficientes ou ofrezan dúbidas sobre a súa autenticidade.
2. Cando o interesado estívese cumprindo condeza imposta polos Tribunais de Xustiza, que leve anexa a pena accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio da profesión.
3. Cando expulsado doutro Colexio non obteña expresa rehabilitación.
4. Cando estea suspendido no exercicio da profesión, en virtude de corrección disciplinaria imposta por outro Colexio ou polo Consello Galego de Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia.
5. Cando o peticionario, procedendo doutro Colexio, non xustifique cumpridamente ter satisfeito as cotas e dereitos que lle correspondían no Colexio de orixe.

c) As peticións de colexiación tramitaráanse da forma seguinte:

1. Toda petición de incorporación ó Colexio será resolta no prazo dun mes contado dende a data da solicitude ou, no seu caso, dende que se aporten polo interesado os documentos necesarios ou se subsanen os defectos da solicitude. Transcorrido este prazo sen que se resolva sobre a mesma entenderase denegada ós efectos das accións ou recursos que procedan.
2. Contra as Resolucións denegatorias das peticións de incorporación, poderá reclamarse ante o Consello Galego de Colexios profesionais de Delineantes de Galicia. A reclamación será formulada no prazo de trinta días hábiles dende que se notifique a resolución ou da desestimación por silencio.
3. O Consello Galego de Colexios de Delineantes de Galicia resolverá nun prazo de tres meses as reclamacións que se formulen, a cuio efecto recabará do Colexio a remisión do expediente.
4. Contra a resolución do Consello Galego de Colexios de Delineantes de Galicia poderásе recurrir ante a Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Artigo 10º.- Baixas no Colexio.

1.- A condición de colexiado perderase polas seguintes causas:

- a) Defunción.
- b) Incapacidade legal, presentando a documentación que o acredite.
- c) Separación ou expulsión como consecuencia de cumprimento de sanción disciplinaria



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

que así o determine.

- d) Baixa voluntaria, comunicada por escrito dirixido ó Decano, alegando deixar de exercer a profesión, incapacidade permanente ou xubilación.
- e) Baixa forzosa, por incumprimento das obrigas económicas.

2.- Para que a baixa forzosa sexa efectiva, será necesaria a instrucción dun expediente sumario, que comportará un requirimento escrito ó afectado, para que, dentro do termo que se fixe, se poña ó corrente do descuberto. Pasado o prazo sen telo satisfeito, tomarase o acordo de baixa, que deberá notificarse de forma expresa ó interesado, sen prexuízo das accións xudiciais que poida tomar a Xunta de Goberno para a reclamación de ditas obrigas económicas.

En calquera momento poderase rehabilitar a colexiación previo o abono dos descubertos pendentes e a taxa de reingreso, no caso de que fora prevista.

Sección Segunda

Artigo 11º.- Dereitos dos colexiados.

Tódolos colexiados, a excepción dos membros de honor non colexiados, terán dereito a disfrutar de tódolos servizos, facultades e prerrogativas que resulten dos presentes Estatutos, e ademáis:

1. Elixir e ser elixido para postos de representación e ocupar cargos directivos. Os colexiados non exercentes non poderán ser elixidos para ditos postos pero sí terán o dereito de voto.
2. Informar e ser informado das actuacións e vida da Entidade e das cuestións que fagan referencia ó exercicio da profesión.
3. Exercer a representación que en cada caso se confira.
4. Intervir, conforme ás normas legais e estatutarias, na xestión económica e administrativa do Colexio e expresar libremente as súas opinións en materia e asuntos de interese profesional.
5. Exercitar as accións e recursos ós que haxa lugar en defensa dos seus dereitos como colexiados.
6. Ser amparados polo Colexio no exercicio profesional en defensa dos seus lícitos intereses.



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

7. Ser representados polo Colexio, cando así o acorde a Xunta de Goberno, a fin de facilitar accións, excepcións e defensas relacionadas co exercicio profesional ante Tribunais, Autoridades, Organismos ou Entidades Públicas e Privadas.
8. Ser asistidos polo Colexio, mediante os correspondentes servizos a tal fin establecidos, no cobramento dos seus honorarios profesionais.
9. Asistir con voz e voto ás Assembleas Xerais do Colexio.
10. Presentar libremente as súas candidaturas ós postos de Goberno do Colexio e desempeñar os cargos para os que fosen elixidos. Este dereito non o terán os colexiados non exercentes.
11. Formular queixas ante a Xunta de Goberno do Colexio contra a actuación profesional ou colexial de calquera dos seus membros.
12. Integrarse nas institucións de Mutualidade ou Previsión establecidas ou que poidan establecerse, contribuíndo na forma que se acorde pola Xunta Xeral Extraordinaria que especialmente se convoque.

Sección Terceira

Artigo 12º.- Obrigas dos colexiados.

- a) Para exercer legalmente a actividade de delineante será indispensable estar colexiado no Colexio establecido na súa demarcación de residencia.
- b) Cumprir coas prescricións dos presentes Estatutos, dos Regulamentos que os desenvolvan e dos acordos que se adopten polo Colexio e polo Consello de Colexios de Delineantes de Galicia.
- c) A asistencia ós actos corporativos.
- d) Aceptar o desempeño das tarefas que se lles encomenden polos órganos de xestión do Colexio.
- e) Pagar as cotas e dereitos que fosen aprobados polo Colexio para o seu sostemento e para outras finalidades.

O colexiado xubilado quedará exento da obriga de pago da cota colexial. Nesta situación de xubilación laboral-profesional, non disminuirá ningún dos dereitos dos colexiados que resulten dos presentes Estatutos se ben causarán baixa no Seguro ou Mutualidade e non poderán ser elixidos para cargos directivos.



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

- f) Observar respecto ós órganos de xestión do Colexio a debida disciplina, e entre os colexiados os deberes de harmonía profesional.
- g) Poñer en coñecemento do Colexio tódolos feitos que poidan afectar á profesión, tanto particular como colectivamente considerada, e que teñan unha importancia que poida determinar a intervención corporativa con carácter oficial.
- h) O colexiado comunicará obrigatoriamente ó Colexio o seu domicilio para notificacións a tódolos efectos colexiais. Así mesmo, calquera cambio de domicilio, para que produza este efectos, deberá ser comunicado expresamente.
- i) A perda da condición de colexiado non liberará do cumprimento das obrigas vencidas. Estas obrigas poderanse esixir ós interesados e os seus herdeiros.

CAPITULO III. Organos do Colexio

Artigo 13º.- Son órganos esenciais da estrutura colexial a Asemblea Xeral, como órgano plenario; a Xunta de Goberno, como órgano de goberno; e o Decano como órgano presidencial.

A Xunta ou Asemblea Xeral é o órgano soberano do Colexio. Tódolos colexiados incorporados de pleno dereito ó Colexio teñen voz e voto, salvo que estean afectados por unha sanción que supoña a suspensión das actividades colexiais en xeral, a limitación destes dereitos, ou que non se satisfixesen as cotas establecidas.

As resolucións aprobadas en Asemblea Xeral e de acordo cos Estatutos, son obrigatorias para tódolos colexiados.

Artigo 14º.- A Asemblea Xeral pode ser ordinaria ou extraordinaria e a elas poderán asistir tódolos colexiados de acordo co artigo 13. O voto é persoal, pero pode admitirse, nos casos en que así se estableza, o voto por delegación ou compromisarios, sempre e cando a delegación sexa autenticada por Notario ou pola Secretaría do Colexio.

Artigo 15º.- Das Asembleas Xerais Ordinarias.

No mes de febreiro de cada ano, o Colexio celebrará a Asemblea Xeral Ordinaria, para a aprobación de presuposto e renovación de cargos directivos, se procedese. Nesta Asemblea Xeral Ordinaria aprobaranse as contas, dándosele ós colexiados información xeral sobre a marcha do Colexio en tódolos seus aspectos.

Artigo 16º.- Das Asembleas Xerais Extraordinarias.



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

A Asemblea reunirse con carácter extraordinario, trala convocatoria do seu Decano, ben por propia iniciativa, por acordo da Xunta de Goberno ou a petición do número de Colexiados que represente polo menos o 25 % do total.

Artigo 17º.- As Asembleas Xerais Ordinarias e Extraordinarias convocaranse por comunicado do Decano, mediante notificación persoal e escrita a tódolos Colexiados, con dez días naturais de antelación, como mínimo, á data da reunión, salvo casos excepcionais.

A convocatoria deberá conter o lugar, local, día e hora en que vaia celebrarse a Asemblea e os asuntos que se vaian tratar, segundo a orde do día acordada previamente, expresándose a data e hora na que terá lugar a reunión en segunda convocatoria.

A Xunta de Goberno, no apartado de rogos e preguntas, recollerá tódalas propostas que se formulen polos Colexiados mediante petición escrita, tres días naturais antes da data da reunión. Non poderá aprobarse ningún acordo sobre cuestións que non figuren na orde do día.

Artigo 18º.- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando se encontren representados a metade máis un dos membros e, en segunda convocatoria, calquera que fose o número de asistentes.

Artigo 19º.- A Presidencia de tódalas Asembleas Xerais corresponderalle ó Decano do Colexio e, en ausencia deste, ó Vicedecano.

A Mesa da Asemblea quedará integrada pola Xunta de Goberno, e actuará como Secretario ó da propia Xunta.

Os acordos que adopte a Asemblea Xeral serán por votación, polo sistema de maioría simple. Os acordos adoptados polo Pleno da Asemblea Xeral, conforme coas súas atribucións, serán obrigatorios para tódolos Colexiados.

Artigo 20º.- Son funcións e competencias da Asemblea Xeral:

- a) Adoptar os acordos relativos á representación, xestión e defensa dos intereses do Colexio e dos seus afiliados.
- b) Aprobar os programas e plans de actuación.
- c) Elixir e revocar o mandato dos membros da Xunta de Goberno. Ditos cargos proveeranse mediante sufraxio libre e secreto.
- d) Coñecer e aprobar a xestión da Xunta de Goberno e do seu Decano.
- e) Aprobar as cotas de carácter extraordinario, incluídas as derramas, que teñan que satisfacer os Colexiados, segundo as propostas que elabore a Xunta de Goberno.



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

- f) Elaborar o Regulamento de Réxime Interior, o cal será aprobado polo Consello Galego de Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia, sempre que estea de acordo coa Lei de Colexios Profesionais e co Estatuto.
- g) Proponer a disolución do Colexio.
- h) Coñecer e resolver as reclamacións formuladas polos colexiados.
- i) A aprobación e reforma dos estatutos e normas deontolóxicas colexiais.
- j) A aprobación dos presupostos e contas do colexio.

Artigo 21º.- Das reunións da Asemblea Xeral levantarase acta, extendéndose nun libro ó efecto, asinada polo Secretario co visto e praxe do Decano. A acta da Asemblea terá forza executiva a partir da data do seu envío ó Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia e o Consello Xeral de Colexios Profesionais e será definitivamente refrendada na seguinte sesión da Asemblea Xeral. No caso de que a acta non reflecta os acordos da Asemblea, efectuarase a correspondente rectificación e, se houberse lugar, esixiranse as correspondentes responsabilidades.

Artigo 22º.- Moción de censura.

1. A moción de censura a Xunta de Goberno ou a algún dos membros sólo poderá formularse na Xunta Xeral Extraordinaria convocada o efecto. É competencia exclusiva da Xunta Xeral Extraordinaria a remoción por medio de moción de censura do Decano.
2. A solicitude de convocatoria da Xunta Xeral Extraordinaria requerirá da firma dun mínimo do 20 % dos colexiados exercentes, incorporados ó menos con tres meses de antelación, e expresará con claridad as razóns nas que se funde.
3. A válida constitución de dita Xunta Xeral Extraordinaria requerirá a concurrencia persoal da metade máis un do censo colexial con dereito a voto. Existindo este quórum, para que prospere, será necesario o voto favorable, directo, secreto e persoal, da metade máis un do censo dos colexiados exercentes.
4. Nesta clase de Xuntas non se admitirá o voto por correo.

Artigo 23º.- Composición da Xunta de Goberno.

O Colexio Profesional de Delineantes de Pontevedra estará rexido e representado pola súa Xunta de Goberno, integrada por un Decano, un Vicedecano, un Secretario, un Tesoureiro, un Interventor e tantos vocais como delegacións compoñan o Colexio ou se considere adecuado, sen que o número sexa superior a cinco nin o número total de membros da Xunta de Goberno sexa superior a dez.



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

Artigo 24º.- As Delegacións atenderán os mesmos fins que o Colexio, quedando suxeitas o réxime do mesmo, non podendo tomar iniciativas propias nin establecer normas sen aprobación.

Estarán rexidas por unha Xunta de Goberno, integrada por un Presidente, un Secretario e un Administrador, que asumirá as funcións de Tesoureiro e contador, e os vocais que se estimen necesarios. O Presidente será o Vocal da Xunta de Goberno do Colexio.

Os Presidentes das Delegacións son responsables ante a Xunta de Goberno do Colexio de cantas anomalías se observen nas Delegacións o seu cargo.

Artigo 24º.- Competencias e funcionamento da Xunta de Goberno.

Correspóndelle á Xunta de Goberno a dirección e administración do Colexio para o cumprimento dos seus fins, en todo aquilo que, de xeito expreso, non corresponda á Asemblea Xeral.

A Xunta de Goberno reuniráse ordinariamente, cando menos, unha vez o mes, sen perxuízo de face-lo con maior frecuencia cando a importancia dos asuntos o requiran, ou a petición de tres membros.

A convocatoria para as reunións faránse na Secretaría, previo mandato do Decano, con al menos tres días de antelación. Formularánse por escrito e irán acompañadas da orde do día correspondente. Fora deste non poderán tratarse outos asuntos, salvo os que o Decano considere de urxencia. Os acordos adoptaránse por maioría de votos dos asistentes. O Decano terá voto de calidade.

A Xunta de Goberno poderá acordar a delegación da firma do Secretario en cuestións non substanciais, ben en outro componente da Xunta ou nun funcionario ou empregado, Delineante non exercente, do persoal do Colexio.

De modo especial correspóndelle á Xunta de Goberno:

- a) Someter a referéndum asuntos concretos de interese colexial, por sufraxio secreto e na forma ca propia Xunta estableza e en concreto todos aqueles relativos á dirección e vixilancia do cumprimento dos cometidos corporativos, enumerados no artigo 3º dos presentes Estatutos.
- b) Resolver sobre a admisión de novos colexiados que soliciten incorporarse ó Colexio, podendo exercer esta facultade o Decano, nos casos de urxencia, que se someterán á ratificación da Xunta de Goberno.
- c) Velar porque os Colexios observen boa conducta respecto os seus compañeiros, os seus clientes, e que no desempeño da súa función, despreghen a necesaria dilixencia e



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

competencia profesional.

- d) Exercitar as accións e actuacións oportunas para impedir e perseguir o intrusismo, así como o exercicio da profesión a quen, colexiado ou non, a exerce na forma e baixo condicións contrarias as legalmente establecidas, sen excluír ás persoas, naturais ou xurídicas, que faciliten o exercicio profesional irregular.
- e) Determinar as cotas de incorporación e as ordinarias que deban satisfacer os colexiados para o sostenimento das cargas e servizos colexiais.
- f) Proponer a Xunta Xeral a imposición de cotas extraordinarias os seus colexiados.
- g) Recaudar o importe das cotas e das pólizas establecidas para o sostemento das cargas do Colexio, do Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia, do Consello Xeral dos Colexios Profesionais de Delineantes, así como de los demás recursos económicos previstos no Estatuto Xeral.
- h) Establecer os baremos ou criterios orientadores de honorarios profesionais e emitir informes sobre honorarios aplicables cando o soliciten os colexiados minutantes.
- i) Convocar eleccións para proveer os cargos da Xunta de Goberno, dispoñendo o necesario para a súa elección, conforme as normas xerais e estatutarias.
- j) Convocar Xuntas Xerais ordinarias e extraordinarias, fixando a orde do día.
- k) Exercer as facultades disciplinarias.
- l) Arbitrar nos conflitos que poidan xurdir entre os colexiados.
- m) Proponer á aprobación da Xunta Xeral os regulamentos de orde interior que estime convenientes.
- n) Velar porque no exercicio profesional se observen as condicións de dignidade e prestixio que corresponden ó delineante, así como propiciar a harmonía e colaboración entre os colexios, impedindo a competencia desleal.
- ñ) Informar ós colexiados de cantas cuestións coñezan que poidan afectarlles, xa sexan de índole corporativa, colexial, profesional ou cultural.
- o) Defender ós colexiados no desempeño das funcións da profesión, ou con ocasión delas, cando o estime procedente e susto.
- p) Exercitar os dereitos e accións que correspondan ó Colexio e, en particular, contra quen entorpeza o bo funcionamento, a liberdade e independencia do exercicio profesional.



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

- q) Recaudar, distribuir e administrar os fondos do Colexio; redactar os presupostos, rendir as contas anuais, e proponer á Xunta Xeral a inversión ou disposición do patrimonio colexial, si se tratase de inmobles.
- r) Emitir informes, estudos e dictames, evacuar consultas e dictar laudos, así como crear e manter Tribunais de Arbitrase.
- s) Proceder á contratación dos empregados necesarios para a boa marcha da corporación.
- t) Dirixir, coordinar, programar e controlar a actividade dos departamentos e servizos colexiais.
- u) Decidir a realización de auditoria da situación financeira colexial, cando se produza a renovación ordinaria total da Xunta de Goberno, e contrata-a, sen perxuízo da función fiscalizadora que lles corresponde ós organismos públicos legalmente habilitados para leva-la.
- v) Designar árbitros, contadores e peritos cando tal designación lle sexa solicitada, e establecer os requisitos de formación e antigüidade.
- w) Informar de palabra ou por escrito, en nome do Colexio, en cantos proxectos ou iniciativas das Cortes Xerais, do Goberno Central ou Autonómico ou outros organismos o requiran.
- x) Exixir pro vía xudicial o cumprimento das obrigas económicas ós colexiados, dacordo co artigo 10º, apartado 2, destes Estatutos.

Artigo 26º.- Da elección, ceses e vacantes da Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno será elixida por votación dos colexiados e renovarase por metades cada dous anos, podendo ser os cargos reelixidos.

Poderán ser candidatos tódolos colexiados, que teñan un mínimo de dous anos de colexiación, que estén ó corrente no pago das cotas e que non se atopen incursos en incapacidade legal ou estatutaria.

Para ser candidato á Xunta de Goberno é necesario presentar candidatura con dez días de antelación á data na que se realice a votación. As candidaturas serán individuais (lista aberta) e colectivas (lista pechada).

Serán candidaturas individuais, lista aberta, as dos vocais delegados de localidade.

Serán candidaturas colectivas, lista pechada, as dos cargos de Decano, Vicedecano,



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

Secretario, Tesoureiro e Interventor.

Os candidatos poderán remitir ós colexiados o seu programa de goberno para o que se lles facilitará a quen o desexe un listado de persoas colexiadas cos seus nomes e direccións.

Con quince días de antelación convocarase a constitución da Mesa Electoral, pola Xunta de Goberno ou por resolución asemblearia. As votacións e escrutinio de votos realízanse na sede oficial do Colexio segundo o horario fixado nunha única xornada.

O nomeamento e os cambios dos componentes da Xunta de Goberno deberán ser comunicados no prazo de dez días hábiles, dende que se produzan, á Consellería competente en materia de colexios profesionais. Tamén se comunicará no mesmo termo de dez días ó Consello Galego de Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia e o Consello Xeral de Colexios.

Os membros da Xunta de Goberno cesarán polas causas seguintes:

- a) Falecemento.
- b) Renuncia do interesado.
- c) Falta de concurrencia ou perda dos requisitos estatutarios para desempeñar o cargo.
- d) Expiración do termo ou prazo para o que foron elexidos ou designados.
- e) Falta de asistencia inxustificada a tres sesións consecutivas ou cinco alternas no termo dun ano.
- f) Aprobación de moción de censura efectuada pola Asemblea ou Xunta Xeral, segundo regula no artigo 22.

Cando por calquera causa a totalidade dos cargos da Xunta de Goberno do Colexio queden vacantes, o Consello Galego de Colexios Profesionais de Delineantes designará unha Xunta Provisional de entre os membros máis antigos. A Xunta provisional convocará, no prazo de trinta días naturais, eleccións para a provisión dos cargos vacantes polo resto do mandato que quedase, eleccións que deberán celebrarse dentro dos trinta días naturais seguintes, contados a partir da convocatoria.

Da mesma maneira complementarase provisionalmente a Xunta de Goberno do Colexio cando se produza a vacante da metade ou máis dos cargos, procedéndose de igual xeito á convocatoria de eleccións para a súa provisión definitiva.

Artigo 27º.- Das atribucións do Decano da Xunta de Goberno.

Corresponde o Decano:

- a) Representar xudicialmente e extraxudicialmente ó Colexio, con facultades de delegar



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

e acordar o exercicio de toda clase de accións, recursos e reclamacións, incluído o recurso de casación, ante calquera autoridade, órgano, xulgado ou tribunal, ata o Supremo, podendo outorgar poderes a favor de Procuradores e designar Letrados.

- b) Convocar as reunións da Asemblea Xeral e Xunta de Goberno.
- c) Fixar a orde do día dunha e outra de acordo coa Xunta de Goberno.
- d) Presidir as reunións da Asemblea Xeral e Xunta de Goberno.
- e) Dirixir as deliberacións.
- f) Velar polo cumprimento das prescricións regulamentarias.
- g) Autorizar coa súa sinatura as actas de tódalas reunións. Consideraránse aprobadas estas actas se os asistentes ás reunións non expresan por escrito obxeccións no prazo de dez días hábiles dende que sexan expostas no taboleiro de anuncios.
- h) Recabar dos centros oficiais ou entidades particulares os datos que se precisen para cumprir os acordos a que se refire o apartado f) ou para ilustrar á Xunta de Goberno nas súas deliberacións ou resolucións.
- i) Autorizar a incorporación ó Colexio.
- j) Autorizar os libramentos e ordes de pagamento.
- k) Lexitimar coa súa sinatura os Libros de Contabilidade e calquera outro de natureza oficial, iso sen prexuízo da legalización establecida pola Lei.
- l) Autorizar os documentos necesarios para a apertura de contas correntes bancarias e os talóns ou cheques expedidos pola Tesoureira para retirar cantidades monetarias ou habilitar pagos.
- m) Dar posesión ós membros da Xunta de Goberno.
- n) Decidir co seu voto de calidade os empates nas votacións.
- o) Executar os acordos do órgano de Goberno.

Artigo 28º.- Das atribucións do Vicedecano.

O Vicedecano exercerá todas aquelas funcións que lle encomende o Decano, asumindo as deste en caso de ausencia, enfermidade ou vacante.



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

Artigo 29º.- Atribucións do Secretario.

Independentemente dos dereitos e obrigas que lle confiren o Regulamento e os acordos da Xunta de Goberno, corresponderalle ó Secretario:

- a) Levantar acta das reunións.
- b) Dar fe da posesión de tódolos membros da Xunta de Goberno.
- c) Expedir certificacións.
- d) Preparar a documentación para dar contas á Xunta de Goberno.
- e) Redactar a Memoria anual.
- f) Asinar por sí ou co Decano, de ser preciso, as ordes, correspondencia ordinaria de mero trámite e demais documentos administrativos.
- g) Coidar o arquivo dos documentos pertencentes ó Colexio, da custodia dos cales será responsable.
- h) Levar o Libro de Actas das reunións das Asembleas Xerais Ordinarias, Extraordinarias e das Xuntas de Goberno.
- i) Levar por sí, auxiliado polo persoal de oficina en que poida delegar, o Libro de Colexiados, e no que se farán constar os nomes e apelidos dos mesmos, escolas das que proceden, especialidades que teñan cursadas, data de expedición do título, datas de solicitude de ingreso e da incorporación, domicilio, empresa na que prestan os seus servicios ou se exercen a profesión libremente.
- k) Exercer a autoridade directa sobre o persoal administrativo e subalterno, a quen fará cumprir coas súas obrigas específicas e cos acordos da Xunta de Goberno.

Artigo 30º.- Do Tesoureiro.

Será misión do Tesoureiro:

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes ó Colexio, sendo responsable deles.
- b) Asinar recibos, recibir cobros e realizar pagamentos, coa sinatura conxunta do Decano.
- c) Ter no seu poder o fondo reducido indispensable para as atencións ordinarias do Colexio, ingresando o que exceda deste límite no Banco ou Bancos que indique a



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

Xunta de Goberno. Estas cantidades non se retirarán máis que coas sinaturas autorizadas que son as do Tesoureiro, Interventor e Decano, sendo suficientes dúas delas, pero invariablemente unha terá que ser a do Decano.

- d) Darlle conta á Xunta de Goberno da falta de pagamento dos colexiados, para que se lles reclamen as cantidades que se deban.

Artigo 31º.- Do Interventor.

Será misión do Interventor:

- a) Levar os Libros de Contabilidade de forma legal.
- b) Asinar a correspondente conta de Ingresos e Pagamentos mensuais, para sometela á aprobación da Xunta de Goberno, e a súa inclusión no Balance anual que terá que aprobar a Asemblea Xeral.
- c) Facerlles chegar, por medio da Memoria anual, a tódolos colexiados o Balance da situación económica do Colexio.
- d) Redactar, en unión do Tesoureiro, os orzamentos do Colexio e sometelos á Xunta de Goberno.

Artigo 32º.- Dos Vocais da Xunta de Goberno.

Serán atribucións de ditos Vocais:

- a) Auxiliar ós titulares dos restantes cargos da Xunta de Goberno e substituílos nas súas ausencias.
- b) Asistir, en rolda cos restantes vocais, ó domicilio social do Colexio para atender ó despacho dos asuntos que o requiran.
- c) Desempeñar cantos cometidos lles confíen o Decano ou a Xunta de Goberno, así como as comisións para as que fosen designados.

CAPITULO IV

Do Consello Galego de Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia.

Artigo 33º.- O Colexio Profesional de Delineantes de Pontevedra estará integrado ó Consello Galego de Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia.

Artigo 34º.- O Colexio de Pontevedra terá a súa representación no Consello, con dous



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

Conselleiros: o Decano e outro designado pola Xunta de Goberno de entre os seus membros.

Artigo 35º.- As aportacións económicas que efectúe o Colexio de Pontevedra ó Consello rexiránse polo principio da proporción ó número dos seus colexiados.

As cotas e outras contribucións económicas, asignadas individualmente ós colexiados e destinadas ó Consello de Colexios, integraránse a través do Colexio.

CAPITULO V

De la potestad disciplinaria.

Artigo 36º.- Non se pode impoñer ningunha sanción colexial, sen a instrucción previa dun expediente disciplinario, a tramitación do cal rexirase polo disposto nestes Estatutos e supletoriamente polas normas do procedemento administrativo.

Todo procedemento disciplinario iniciarase sempre de oficio, por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa, ou ben como consecuencia dunha denuncia ou comunicación, que deberá conter as circunstancias personais e a sinatura do denunciante.

O órgano competente para iniciar o expediente disciplinario poderá acordar a instrucción de información reservada antes de dictar o correspondente acordo de iniciación do expediente disciplinario. A resolución pola cal se acorde e o arquivo das actuacións haberán de expresar as causas que o motivasen e dispoñer, se procedese, o que se crea pertinente con relación o denunciante.

A Xunta de Goberno designará a un Instructor para a tramitación do expediente e proposta de sanción. Este expediente deberá resolverse no termo máximo de tres meses.

En todo expediente deberán ser escoitadas-las partes, dentro do tempo concedido polo Instructor, que non poderá exceder de quince días hábiles. As partes exporán por escrito as súas razóns e aportarán os documentos que estimen convenientes.

O Instructor, despois de escoitadas as partes, haberá de presentar o Prego de Cargos. A Xunta de Goberno, mediante resolución motivada, acordará no termo de quince días hábiles, a imposición de sanción ou o arquivo da causa.

As faltas leves prescribirán ó termo de dous meses, as graves ó cabo dos dous anos e as moi graves ó cabo dos catro anos de cometerse.

A prescripción interrompírase polo inicio do procedemento disciplinario con coñecemento do interesado. A paralización do procedemento por un tempo superior a un mes, non imputable ó presunto responsable, fará reanudar o prazo interrompido.



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

Artigo 37º.- 1.- O sancionado poderá pedir o Colexio a súa rehabilitación, coa conseguente cancelación da nota no seu expediente disciplinario. Os termos establecidos serán, a contar dende o cumprimento da sanción, os seguintes: se a falta fose leve, seis meses; grave, dous anos; moi grave, catro anos; e determinante de expulsión, cinco anos.

2.- A suspensión ou a inhabilitación do exercicio profesional non comprende a perda da condición de colexiado. A persoa suspendida ou inhabilitada continuará pertencendo ó Colexio, coa limitación de dereitos que a causa ou acordos da suspensión ou da inhabilitación produciran.

A suspensión ou a inhabilitación deberase comunicar ó Consello Galego de Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia.

3.- Caso de que o expedientado sexa un membro da respectiva Xunta de Goberno, a competencia disciplinaria pasará directamente ó Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia, con recurso de reposición ante o mesmo, como previo ó Contencioso-Administrativo.

Artigo 38º.- As sancións que poderán imponerse, segundo o previsto nestes Estatutos, serán leves, graves e moi graves.

Consideranse sancións leves:

- a) Advertencia por oficio.
- b) Reprensión privada.

Considerarase sanción grave a suspensión do exercicio profesional por un tempo non superior a seis meses.

Considerarase sanción moi grave a suspensión do exercicio profesional por un tempo superior a seis meses, ou a expulsión do Colexio.

As sancións graves e moi graves comportarán a inhabilitación para todo cargo de goberno ó longo do período de sanción.

A sanción de expulsión do Colexio soamente se aplicará:

- a) Por reiteradas faltas de competencia ou decoro profesional, polas que estivera sancionado con suspensión superior a seis meses.
- b) Cando sobre o expedientado recaia a xurisdicción criminal, con sentenza firme, por feitos relacionados con exercicio da profesión.

Considerarase falta leve a negligencia no cumprimento dos preceptos estatutarios,



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

regulamentarios, e os acordos do Colexio e do Consello de Colexios, as incorreccións de pouca trascendencia na realización do traballo persoal, as faltas reiteradas e inxustificadas de a lo menos 5 reunións da Xunta de Goberno ou do Consello, o non aceptar sen motivo cargos corporativos, e as desconsideracións de pouca trascendencia ós compañeiros.

Consideraranse faltas graves o ter sido sancionado por tres ou máis faltas leves, dentro do período de un ano; o incumprimento, a conciencia, dos preceptos estatutarios e regulamentarios, así como os acordos e as obrigas económicas do Colexio ou do Consello; a desconsideración ofensiva grave ós compañeiros; o encubrimento do intrusismo profesional e a realización de traballos que, pola súa natureza, atenten contra o prestixio e a honorabilidade profesionais.

Consideraranse faltas moi graves a comisión de calquera feito constitutivo de delito que afecte a ética e honorabilidade profesional, e ter sido obxecto de dous o máis sancións por faltas graves dentro do período dun ano.

Tódalas faltas enunciadas son de carácter enunciativo e non taxativo.

Artigo 39º.- Contra os actos e as resolucións do Colexio poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes dende a súa notificación ante o Consello Galego de Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia, que agotará a vía corporativa e deberá resolverse no prazo de tres meses.

Artigo 40º.- Os actos e as resolucións dos Consellos de Colexios que agoten a vía corporativa e os dictados en única instancia serán susceptibles de recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que os dictou ou ser impugnados directamente ante a Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

A Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común será supletoria en todo o que non prevean os presentes Estatutos do Colexio de Delineantes de Pontevedra.

CAPITULO VI

Réxime económico

Artigo 41º.- Dos recursos económicos do Colexio.

Os fondos do Colexio estarán constituídos por recursos ordinarios e extraordinarios.

Serán recursos ordinarios:

- a) Os rendementos de bens e dereitos que constitúan o patrimonio colexial.



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

- b) Os dereitos que se establezan pola elaboración remunerada de informes, dictames, estudos e outros servizos.
- c) Os dereitos de incorporación, cotas ordinarias e extraordinarias, incluídas as derramas.
- d) O libramento de certificacións fehacentes.
- e) Os dereitos de intervención profesional.
- f) Calquera outro que fose posible de similares características.

Serán recursos extraordinarios:

- a) As donacións ou subvencións de procedencia pública ou privada.
- b) Os bens que a título hereditario ou por calquera outra causa se incorporen ó patrimonio do Colexio.
- c) Calquera outro que fose legalmente posible e que non constituía recurso ordinario.

Artigo 42°.- A totalidade dos recursos, ordinarios e extraordinarios, deberán aplicarse con carácter exclusivo ó cumprimento das obrigas atribuídas pola Lei de Colexios Profesionais e polas normas estatutarias e regulamentarias.

Artigo 43°.- Cando se establezan cotas de incorporación, de percepción periódica ou de carácter extraordinario, incluídas as derramas, entenderase que obrigan a tódolos colexiados, sen prexuízo de que se poidan acordar estatutariamente exencións e moderacións en circunstancias determinadas.

A cuantía das cotas de percepción periódica será fixada pola Xunta de Goberno; as de carácter extraordinario, incluídas as derramas, deberán ser aprobadas pola Asemblea Xeral.

Artigo 44°.- A Xunta de Goberno presentará anualmente para a súa aprobación á Asemblea Xeral:

- a) Liquidación do orzamento do exercicio anterior.
- b) Orzamento para o exercicio próximo.

Artículo 45°.- Cando se produza a renovación ordinaria, total ou parcial, dos órganos directivos o colexio profesional deberá ser auditado, sen prexuízo da función fiscalizadora que corresponde ós organismos públicos legalmente habilitados para iso.



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

CAPITULO VII

Disolución

Artigo 46º.- A disolución do Colexio terá lugar:

- a) Por calquera causa establecida nos presentes Estatutos.
- b) Por acordo da Asemblea Xeral, tomado con tódolos requisitos necesarios.
- c) Por unión ou fusión.
- d) Por absorción por outro Colexio.
- e) Por falta de colexiados que non permita cubrir os lugares previstos no órgano de goberno, sen simultanear ou duplicar cargos.
- f) Por perder a profesión, de acordo coas normas que a regulen, o carácter de colexiable.

A Asemblea Xeral terá que ser convocada especialmente con carácter extraordinario para este obxecto e ser aprobada pola Consellería competente en materia de Colexios Profesionais, previo informe do Consello Galego de Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia.

O acordo de disolución terá que ser tomado polas tres cuartas partes dos colexiados por votación directa, e deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia, para o cal comunicarse previamente á Consellería competente en materia de colexios profesionais, ou a aquel departamento no que esta delegue, a adopción da resolución oportuna para a súa inscrición no Rexistro de Colexios.

O patrimonio social, previo nomeamento de liquidadores, destinarase en primeiro lugar a cubrir o pasivo. O activo resultante destinarase ás institucións de previsión de Delineantes que existan na provincia. Se non houberse, repartirase a partes iguais entre os colexiados en alta no momento da disolución. Exceptúase a disolución por integración a outro Colexio en cuio caso o patrimonio do Colexio disolto pasará o Colexio que o absorva.

CAPITULO VIII

Modificación dos Estatutos

Artigo 47º.- Para modificar os presentes Estatutos, será necesario acordo dos dous tercios da Asemblea Xeral Extraordinaria, especialmente convocada para este efecto.

As modificacións comunicaranse e deberán ser aprobadas pola Consellería competente en



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

materia de colexios profesionais ou departamento no que delegue e ó Consello Galego de Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira.- 1.- O Colexio Oficial de Delineantes de Pontevedra manterá co Consello Xeral de Colexios Oficiais de Delineantes, o cal ostenta no ámbito nacional a representación de tódolos Colexios Oficiais de Delineantes, as relacións de mutuo intercambio de informacións e outras que conveñan ós intereses do Colexio e a lexislación xeral do estado lle asigne, e especialmente as que se refiran ás titulacións dos delineantes e relacións desta profesión coa Administración Central.

2.- Esta relación levaráse a cabo mediante o Consello Galego de Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia, que ostentará a representación dos colexios galegos ante o Consello Xeral.

Segunda.- Sen prexuízo do establecido na Disposición anterior, as relacións entre os Colexios ou o Consello Galego de Colexios Profesionais de Delineantes de Galicia con outros Colexios, entidades ou organizacións profesionais de delineantes fora do ámbito territorial de Galicia serán establecidas por medio de acordos entre as entidades interesadas.